

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, A DIOCESE DE OURENSE E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA O ACONDICIONAMENTO DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN SALVADOR DE NOALLA.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Por outra, Raul Alfonso González, actuando en representación da Diocese de Ourense, en virtude da súa condición de Vicario Episcopal para o patrimonio e o sostenemento da Igrexa.

E doutra, Marta Novoa Iglesias, alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 13 de setembro de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Diocese de Ourense e o concello de San Cibrao das Viñas para o acondicionamento da Igrexa parroquial de San Salvador de Noalla. A Diocese como titular do ben inmovible ostenta a condición de beneficiaria final da subvención concedida e pon aquel a disposición do concello para a execución das actuacións de acondicionamento da Igrexa de San Salvador de Noalla establecidas no proxecto técnico.

Na súa cláusula terceira establece que o orzamento estimado de gastos ascende a 61.118,14 € (IVE incluído), do que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará a contía de 61.118,14€, con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.431A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídos do seguinte xeito:



- Anualidade 2023: 48.894,51 €

- Anualidade 2024: 12.223,63 €

Por outra parte, a cláusula novena establece que as datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención serán o 15 de decembro para a anualidade 2023 e 30 de setembro para a anualidade 2024.

Segundo.- Con data 11.12.2023 o concello de San Cibrao das Viñas presentou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude de reaxuste de anualidades.

Nesta solicitude o concello expón que a licitación polo procedemento aberto foi publicada na plataforma de contratación do concello con data 11 de outubro de 2023, e foi declarada deserta ao non presentarse ningunha empresa á licitación.

Visto que era urxente a licitación de dita obra, procedeuse á publicación dunha nova licitación polo procedemento negociado sen publicidade, invitando a tres empresas, das cales só unha presentou proposta para a licitación, sendo adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 30 de novembro de 2023.

Debido ás condicións meteorolóxicas adversas acontecidas a obra non puido executarse na totalidade pretendida no ano 2023.

Por todo isto, o concello solicita un reaxuste de anualidades do seguinte xeito:

- Anualidade 2023: 7.288,48 €

- Anualidade 2024: 53.829,66 €

Considerando xustificada a solicitude e dado que non resulta imputable a ningunha das partes, senón que se deriva dunha situación de forza maior, as partes



ACORDAN

PRIMEIRO.-OBXECTO

Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado con data 13 de setembro de 2023, para modificar a cláusula terceira, que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Terceira.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 61.118,14 € (IVE incluído), que se distribúe do seguinte xeito:

01 ACTUACIÓNS PREVIAS.....	3.312,31€
02 CARPINTERÍA DE ARMAR.....	9.269,93€
03 CUBERTA.....	24.755,36€
04 CONTROL DE CALIDADE.....	155,35€
05 XESTIÓN DE RESIDUOS.....	1.350,47 €
06 SEGURIDADE E SAÚDE.....	3.602,68 €

TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL.....	42.446,10 €
13.00 % Gastos xerais.....	5.517,99€
6.00 % Beneficio industrial.....	2.546,77€
SUMA DE G.X. e B.I.....	8.064,76 €
21.00 % I.V.E.	10.607,28€
TOTAL ORZAMENTO.....	61.118,14€

Deste orzamento, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará a contía de 61.118,14€, con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.431A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídos do seguinte xeito:

- Anualidade 2023: 7.288,48 €
- Anualidade 2024: 53.829,66 €

Esta achega canalizarase a través de subvención outorgada polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro”.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela



SEGUNDO.- PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

TERCEIRO.- CONDICIÓNNS

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O Vicario Episcopal para o patrimonio e o sostenemento da Igrexa da Diocese de Ourense

Raul Alfonso González

A alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas

Marta Novoa Iglesias

